

# CARTAS DE ARREPENTIMENTO

## ~~NON DIGAS FUTURO DI PRESENTE~~

*Querida avoa, hoxe fai 3 anos dende que nos deixaches en 2047, pero non podo evitar lembrarme de tí tódolos días. No telexornal do único que se fala é do cambio climático, igual ca tí. Miña nai sempre me dicía que iso de que os polos se derretían non eran máis que faladurías dunha vella senil, que non había ningún problema máis que o xeito de repartila túa herdanza. Agora que xa son máis maiorciña decátome da razón que tiñas.*

*Sempre tiveren curiosidade por ver a eses animais que chamabas osos polares, como moitos outros seres vivos que se extinguíron. Pero non se extinguíron sós; o aumento da temperatura fixo que se derreteran os polos, arrebatándonos a nós terreo onde vivir ou cultivar, e desorientando a moitas especies migratorias.*

*Pero tamén afectou as especies mariñas, como os corais, que posúen unhas algas denominadas zooxantelas, que lle aportan o alimento e contribúen ao seu vivo colorido. Co aumento da temperatura fai que esta alga se desprenda do coral que provoca a perda da súa cor, se ésta non se restura o coral morre.*

*E os desastres naturais son máis intensos do que me contabas.*

*Agora se chove non podemos asistir ao colexio, e non é a primeira vez que unha inundación nos fai marchar da casa. E non é só iso, os incendios tan típicos da nosa terra repercuten na calidade do solo, sendo o principal responsable na erosión das terras, que xunto cas cinsas, dépositanse logo nas rías e mares, contaminándoos máis do que xa están ca plástiesfera. Este termo aínda o estudei eu o outro día en ciencias da natureza. O plástico impide que os raios solares pasen da superficie da auga, afectando as algas que non reciben a suficiente luz solar, ou as prantas terrestres, as que lles dá máis luz e calor da que debían.*

*O plástico tamén foi decisivo nisto; non me podo imaxinar un mar sen plásticos, ata lle están buscando nome para o novo continente que forma o que antes eran illas soltas polo mar ¿por que non o remediaron daquela se había solución?*

*Estívenme informando dende que nos deixaches, e a día de hoxe, atopei moitas páxinas e xornais antigos falando das causas e dos problemas do cambio climático, e non comprendo como tendo tan claras as causas que nos levaron a extinción da metade das*

*especies, podíades quedarvos mirando como ocurría, alegando que só unha persoa non podía cambiar o mundo.*

*Greta Thunberg tiña a miña idade cando decidiu tomar cartas neste asunto, e sí, que unha persoa soa non pode frenar o cambio, pero sí, guiar a outras como ela fixo; ía por bo camiño ata que, ao cumprir os 18, as grandes empresas de enerxías non renovables, uníronse para conseguir levala ao cárcere acusándoa de delitos falsos.*

*Ogallá en vez de mirar polo seu peto, os que máis tiñan, se cambiaran as enerxías renovables, os coches electrónicos ou os utensilios biodegradables... Pero máis culpa teñen os que permitiron iso, sabendo que o íamos pagar nós; que eu, con 17 anos, teña que vivir as consecuencias dos actos de xente que, a maioría estarán contigo, e non eles que o provocaron paréceme inxusto. Non poderei ver os meus fillos medrar, e que eles fagan o mesmo, só desapareceremos dunha maneira un pouco agonizante a miña forma de ver.*

Ainoha Veiga Sánchez

Xiana Castro Martínez

1ºBac-A

IES VIRXE DO MAR(Noia)